

I. DISPOSICIONES XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16862 *Real decreto lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación de parámetros retributivos que afectan o sistema eléctrico e polo que se dá resposta ao proceso de cesamento de actividade de centrais térmicas de xeración.*

I

A emerxencia climática e a necesaria resposta a esta están poñendo en risco o modelo de desenvolvemento actual, acrecentando a desigualdade e impactando nos máis vulnerables. O proceso de transición do sistema enerxético español cara a un climaticamente neutro xa comezou e require de actuacións urxentes para conseguir que esta transición sexa socialmente xusta.

Neste contexto está previsto o peche, nos próximos meses, dunha serie de centrais térmicas de carbón, onde proxectos de nova xeración renovable poden ofrecer unha alternativa de actividade e emprego nos territorios afectados por estes peches.

A xeración de enerxía eléctrica con centrais de carbón representou en España nos últimos anos un 15 % do total da enerxía eléctrica demandada. Porén, diversos factores de mercado e regulatorios provocaron que a maioría destas centrais deixasen de ser competitivas e que os seus titulares decidisen solicitar o seu peche ou anunciar a súa intención de adiantalo respecto aos calendarios previstos.

Así, das 14 centrais de carbón existentes na península, na actualidade o Ministerio para a Transición Ecolóxica está tramitando as solicitudes de peche de 8 delas, que deixarán de funcionar antes do 30 de xuño de 2020. O anterior suporá a redución do parque de xeración en preto de 5.000 MW nos próximos meses, o que afectará comarcas fortemente dependentes da actividade directa e indirecta destas centrais e que, nalgúns casos, se viron afectadas recentemente polo peche das minas de carbón.

Por este motivo, e ante os inminentes peches, resulta ineludible a adopción inmediata dunha nova regulación do acceso á rede nos nós afectados polos peches de centrais térmicas de carbón e termonucleares e das concesións de uso privativo de augas tras o peche destas instalacións de xeración, para incorporar no seu outorgamento criterios sociais, económicos e ambientais que permitan, de maneira inmediata, a creación de emprego e o desenvolvemento de territorios con escasas alternativas económicas.

Por outra parte, resulta necesario actualizar, antes do inicio do próximo período regulatorio, certos parámetros retributivos de instalacións de xeración con réxime retributivo específico, así como as situadas nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional. En concreto, cómpre actualizar o valor da rendibilidade razoable de aplicación ao réxime retributivo específico, así como a taxa de retribución financeira para a actividade de produción de electricidade nos territorios non peninsulares, seguindo as propostas metodolóxicas e numéricas realizadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para estas actividades. Esta actualización require da súa aprobación antes do inicio do novo período retributivo o 1 de xaneiro de 2020, por norma con rango de lei.

Por outro lado, e coincidindo necesariamente co dito inicio, e para proporcionar estabilidade ao marco retributivo das instalacións con dereito a retribución primada con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, permíteselles optar a manter durante un período de 12 anos a taxa de rendibilidade fixada para o primeiro período regulatorio.

II

En resposta ás referidas circunstancias, adóptase este real decreto lei, que consta dun preámbulo e unha parte dispositiva estruturada nun artigo, unha disposición adicional e catro disposicións derradeiras.

O número 1 do artigo único aborda a rendibilidade razoable para a actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, que aglutina máis de 60.000 instalacións. Cómpre regular con urxencia este aspecto xa que del depende a actualización do réxime retributivo específico para o segundo período regulatorio (2020-2025), cuxa entrada en vigor se debe producir antes do inicio do próximo período regulatorio o 1 de xaneiro de 2020. A ausencia de regulación supoñería unha grande incerteza sobre os ingresos futuros das instalacións, o que dificultaría o financiamento de novos proxectos, paralizando novos investimentos necesarios para facer posible unha transición xusta e cumprir cos obxectivos asumidos por España en materia de enerxía e clima.

Na mesma liña, a disposición derradeira segunda introduce unha modificación puntual da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico. Así, no caso das instalacións con dereito á percepción de réxime económico primado na entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, encóntranse pendentes diversos procedementos arbitraris que acumulan cuantiosas reclamacións e que afectan de maneira especial a capacidade de atraer investimentos, polo que resultan necesarias medidas que contribúan a estabilizar a retribución desas instalacións e a reducir no posible o establecemento de novos procedementos arbitraris ou, de ser o caso, poñer fin aos existentes.

Para iso, esta norma introduce unha previsión que ten por obxecto garantir a posibilidade, para aqueles titulares que desexen acollerse a ela, de que a taxa de rendibilidade razoable que se fixou para o primeiro período regulatorio, que finaliza o 31 de decembro de 2019, non poida ser modificada durante os dous períodos regulatorios que se sucedan consecutivamente desde o 1 de xaneiro de 2020.

Esta medida supón que a renuncia á continuación ou inicio de novos procesos arbitraris, así como a renuncia a unha posible percepción de indemnización ou compensación, garantirá certeza económica á instalación, permitindo percibir unha rendibilidade razoable do 7,398 % durante o período 2020-2031, superior ao 7,09 % establecido durante o período 2020-2025, e evitando a incerteza do período 2026-2031.

Debido ao inminente inicio do seguinte período regulatorio o vindeiro 1 de xaneiro de 2020 e á previsión de prórroga automática de todos os parámetros retributivos, incluída a rendibilidade razoable, é urxente a adopción desta medida. A incerteza sobre os ingresos futuros das instalacións que xeraría a non adopción de forma urxente desta medida limitaría significativamente a súa efectividade, precisamente destinada a ofrecer estabilidade e certeza nos dous próximos períodos regulatorios.

Así mesmo, no que fai referencia ás instalacións de renovables, coxeración e residuos, a disposición adicional única amplía o prazo de aprobación da orde ministerial pola que se revisan os parámetros do réxime retributivo específico ata o 29 de febreiro de 2020. Esta disposición xustifícase polas circunstancias excepcionais derivadas do prolongado período en que o Goberno se encontrou en funcións, que impediron completar a tramitación necesaria da revisión dos ditos parámetros coas garantías xurídicas suficientes antes do inicio do novo período regulatorio, ao ser necesario para calcular os ditos parámetros retributivos partir dunha rendibilidade razoable, que é a que establece o propio real decreto lei.

Esta ampliación do prazo para a revisión dos parámetros retributivos, revisión que terá efectos desde o inicio do período regulatorio, o 1 de xaneiro de 2020, require unha norma con rango legal ao estar regulado no artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, que a non revisión dos ditos parámetros antes do inicio do novo período supoñerá que se entenderán prorrogados para todo o período regulatorio seguinte.

Polo tanto, a súa non adopción implicaría un grave prexuízo para o interese xeral, ao afectar as retribucións dun elevado número de instalacións e debido a que son os cargos que pagan os consumidores de electricidade os que financian, principalmente, a retribución do réxime específico de enerxías renovables, coxeración e residuos.

Pola súa parte, o número 2 do artigo único fixa un novo valor da taxa de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares. Cómpre que esta medida entre en vigor antes do inicio do período regulatorio 2020-2025 para evitar, en aplicación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a prórroga automática do valor vixente, que supoñería unha retribución por riba da proposta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para actividades de baixo risco. A non adopción desta disposición con carácter urgente implicaría, polo tanto, un grave prexuízo tanto para os consumidores de electricidade como para o conxunto dos contribuíntes, pois o sistema eléctrico e os orzamentos xerais do Estado financian ao cincuenta por cento o sobrecusto dos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares. En paralelo, isto supoñería un nivel de retribución adicional nestes territorios que non está xustificado nin amparado polos principios que rexen a retribución desta actividade.

En relación cos inminentes peches de centrais térmicas, o número un da disposición derradeira segunda, que modifica a Lei 24/2013, do 26 de decembro, incorpora un mecanismo para o outorgamento de acceso que permitirá ponderar desde o primeiro momento tanto os beneficios técnicos e económicos como os ambientais e sociais, incluída a xeración de emprego, no outorgamento de permisos de acceso á rede para novos proxectos renovables nas zonas en transición. Estes proxectos ofrecen, nas áreas xeográficas onde se están dando os procesos de peche de centrais térmicas de carbón e termonucleares, solucións sustentables de dinamización da actividade económica e emprego asociado.

Por último, con este mesmo fin, a disposición derradeira primeira prevé que, no outorgamento das novas concesións para o uso privativo de augas tras a extinción dunha concesión debido ao peche de instalacións de xeración, se poidan ponderar os beneficios económicos, sociais e ambientais de proxectos nos territorios afectados polos ditos peches.

Ante os inminentes peches de centrais térmicas de carbón, resulta ineludible a adopción inmediata das medidas anteriores co obxecto de permitir o desenvolvemento de alternativas de actividade e emprego nos territorios afectados.

III

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urgente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 de xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7), o fin que xustifica a lexislación de urgencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urgencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, polo tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urgencia definida e a medida concreta adoptada para remediala (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4)».

Neste sentido, o obxecto deste real decreto lei é o establecemento das medidas que, en materia de transición xusta e retribución das actividades reguladas, dentro do ámbito de competencias do Estado, son imprescindibles para garantir unha transición económica e socialmente xusta, especialmente nos territorios máis afectados e para o cumprimento por España dos compromisos comunitarios asumidos.

Dada a urxencia requirida para a súa aprobación e tendo en conta que as cámaras se encontran disoltas, resulta claro que dilatar estas medidas ata a constitución das Cortes Xerais, mesmo utilizándose daquela o trámite de urxencia, non permitiría a súa adopción a tempo.

Os motivos que acaban de expoñerse xustifican amplamente a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar este real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (STC 142/2014, FX 3 e STC 61/2018, FF.XX 4 e 7).

Este real decreto lei respecta os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

IV

O artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, habilita o Goberno en funcións para adoptar medidas distintas ao despacho ordinario dos asuntos públicos en «casos de urxencia debidamente acreditados», así como «por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique».

Pola súa parte, os números 4 e 5 do artigo 21 da Lei 50/1997 recollen unha serie de facultades cuxo exercicio está expresamente vetado ao Goberno en funcións, sen que ningunha delas se refira á aprobación de reais decretos leis. As ditas funcións de exercicio prohibido para o Executivo en funcións refírense a cuestións netamente distintas. En efecto, o artigo 21.4 establece que o presidente do Goberno en funcións non poderá propoñer ao rei a disolución dalgunha das cámaras, ou das Cortes Xerais, nin suscitar a cuestión de confianza, nin tampouco propoñer ao rei a convocatoria dun referendo consultivo. Pola súa parte, o artigo 21.5 da Lei 50/1997 dispón que o Goberno en funcións non poderá aprobar o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, nin tampouco presentar proxectos de lei ao Congreso dos Deputados ou, de ser o caso, ao Senado.

A facultade do Goberno en funcións de aprobar decretos leis é congruente, polo demais, coa existencia de que concorra o presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade previsto no artigo 86 da Constitución española.

V

Este real decreto lei adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Deste xeito, cúmprese co principio de necesidade que quedou plenamente xustificado. Igualmente, dáse cumprimento aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, destacándose que as medidas que incorpora son congruentes co ordenamento xurídico e incorporan a mellor alternativa posible dada a situación de excepcionalidade, ao conteren a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, non se impoñen máis cargas que as estritamente necesarias.

VI

Este real decreto lei dítase conxuntamente ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; no artigo 149.1.22.^a da Constitución, en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial; no artigo 149.1.23.^a da Constitución, en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección; e no artigo 149.1.25.^a da Constitución, de bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de novembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. Valor da rendibilidade razoable de aplicación ao réxime retributivo específico e taxa de retribución financeira para a actividade de produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional.

1. Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira terceira bis da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a rendibilidade razoable aplicable no que reste de vida útil regulatoria das instalacións tipo, que se utilizará para a revisión e actualización dos parámetros retributivos que lles serán de aplicación durante o segundo período regulatorio ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, segundo o previsto no artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e nos artigos 19 e 20 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, antes de impostos, será de 7,09 %.

2. A taxa de retribución financeira da actividade de produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional no segundo período regulatorio será o 5,58 %, de acordo co previsto no artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e nos artigos 21 e 28 do Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

Non obstante, en ningún caso a variación da taxa de retribución financeira empregada entre dous anos consecutivos poderá ser superior en valor absoluto a 50 puntos básicos. No caso de que se produza unha variación superior, a proposta de cambio do valor na taxa de retribución efectuarase no número de anos que resulte necesario co fin de non superar o dito límite.

Disposición adicional única. Prazo para a aprobación da orde pola que se revisan os parámetros retributivos das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime retributivo específico de aplicación ao segundo período regulatorio.

Excepcionalmente, para o período regulatorio que comeza o 1 de xaneiro de 2020, o prazo para a aprobación da orde ministerial prevista no artigo 20.1 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se revisan os parámetros retributivos aplicables á totalidade das instalacións que desenvolven a actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con dereito á percepción do réxime retributivo específico, previsto no artigo 14.4, parágrafo segundo, da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, finalizará o 29 de febreiro de 2020.

Os parámetros retributivos resultantes da dita revisión serán de aplicación desde o inicio do período regulatorio, sen prexuízo das revisións previstas no artigo 14 da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Ata a aprobación da dita orde liquidaráselles ás instalacións as cantidades devindicadas á conta de acordo coa retribución que viñesen percibindo. Unha vez aprobada a orde antes citada, liquidaranse as aplicacións de pagamento ou, de ser o caso, os dereitos de cobramento que resulten de aplicación con cargo á seguinte liquidación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Introdúcese a disposición adicional décimo sexta no texto refundido da Lei de augas, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional décimo sexta. *Concesións de auga para transición xusta.*

Cando quede extinguida unha concesión ao abeiro do previsto no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, debido ao peche de instalacións de enerxía térmica de carbón ou termonuclear, poderase decidir o outorgamento dunha nova concesión para o uso privativo das augas a novas iniciativas e proxectos na área xeográfica onde se encontraba a instalación. Para o outorgamento ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais. Para estes efectos, os usos da auga que se prevexan en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, na súa falta, no artigo 60 do texto refundido da Lei de augas, coa excepción do uso para abastecemento de poboación, que será sempre prioritario».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, modifícase como segue:

Un. Introdúcese unha disposición adicional vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Outorgamento dos permisos de acceso e conexión para garantir unha transición xusta.*

Malia o disposto no artigo 33 desta lei, cando se proceda ao peche de instalacións de enerxía térmica de carbón ou termonuclear, e para promover un proceso de transición xusta, a ministra para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá regular procedementos e establecer requisitos para a concesión da totalidade ou de parte da capacidade de acceso de evacuación dos nós da rede afectados polos ditos peches ás novas instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables que, ademais dos requisitos técnicos e económicos, ponderen os beneficios ambientais e sociais».

Dous. Introdúcese unha disposición derradeira terceira bis co seguinte teor literal:

«Disposición derradeira terceira bis. *Rendibilidade razoable das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con retribución primada no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo.*

1. Excepcionalmente, para as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos que tivesen recoñecida retribución primada no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013,

do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, o valor sobre o cal xirará a rendibilidade razoable fixada para o primeiro período regulatorio non poderá ser revisado durante os dous períodos regulatorios que se sucedan, de maneira consecutiva, a partir do 1 de xaneiro de 2020.

2. Estas instalacións poderán renunciar á aplicación do previsto no punto anterior e deberán manifestar a súa renuncia de maneira fidedigna ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes do 1 de abril de 2020. Neste caso, para o cálculo da retribución que lles corresponda percibir terase en conta, con efectos desde o día de inicio do período regulatorio, o valor da rendibilidade razoable que se fixe para cada período regulatorio de conformidade co disposto no artigo 14 desta lei.

3. A medida prevista no número 1 non será de aplicación cando, sobre a rendibilidade destas instalacións, se inicie ou se iniciase previamente un procedemento arbitral ou xudicial fundado na modificación do réxime retributivo especial operado con posterioridade ao Real decreto 661/2007, do 25 de maio, incluídas as derivadas da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, e das súas normas de desenvolvemento.

Non obstante, poderanse acoller ao réxime excepcional do número 1 desta disposición as instalacións antes mencionadas cando se acredite ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 30 de setembro de 2020, a terminación anticipada do procedemento arbitral ou xudicial e a renuncia fidedigna ao seu reinicio ou á súa continuación, ou a renuncia á percepción de indemnización ou compensación que fose recoñecida como consecuencia de tales procedementos.

4. Para os efectos desta disposición:

a) Entenderase que nos procedementos arbitrals se inclúen aqueles que, ao abeiro de tratados internacionais en que o Reino de España sexa parte, se inicien ou se iniciasen e se fundamenten nas modificacións do réxime retributivo especial das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos operadas con posterioridade ao Real decreto 661/2007, do 25 de maio, incluídas as derivadas da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, e das súas normas de desenvolvemento.

b) Sen carácter limitativo, enténdense comprendidos nos procedementos arbitrals e xudiciais sinalados nesta disposición:

1.º Os procedementos promovidos polo titular, directo ou indirecto, da instalación. No caso de seren varios os titulares, os que promovesen calquera deles. A aplicación do disposto no número 3 desta disposición a estes procedementos non quedará afectada polo feito de que, con posterioridade ao inicio do procedemento, se transmitisen a totalidade ou parte das instalacións a un terceiro, coa reserva por parte do transmitente dos dereitos que puideren recoñecerse no procedemento arbitral ou xudicial.

2.º Os procedementos promovidos por aqueles que pretendan facer valer os seus dereitos como consecuencia de seren titulares dun investimento en relación con esas instalacións nos termos do tratado respectivo.

3.º Os procedementos promovidos por terceiros en virtude de cesión, subrogación, sucesión procesual e calquera outro título xurídico de efecto análogo ou equivalente, e nos cales a pretensión resarcitoria se fundamente na modificación do réxime retributivo especial desas instalacións operada con posterioridade ao Real decreto 661/2007, do 25 de maio, incluídas as derivadas da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, e das súas normas de desenvolvemento.

5. No caso de que se constate que, respecto dalgunha das instalacións acollidas ao número 1 desta disposición, se percibiu a indemnización ou compensación referida no número 3, a Dirección Xeral de Política Enerxética e

Minas acordará a revogación do réxime retributivo excepcional previsto no número 1 con efectos desde o 1 de outubro de 2020. Para tal efecto, o órgano encargado das liquidacións detraerá, da retribución que corresponda percibir á instalación, a cantidade a que ascenda a diferenza entre a retribución que fose aboada e a que correspondese percibir de conformidade co valor actualizado da taxa de rendibilidade razoable do período regulatorio correspondente.

Regulamentariamente o Goberno establecerá o procedemento para practicar a detacción a que se refire o parágrafo anterior».

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das regras 13.^a, 22.^a, 23.^a e 25.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial; en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección; e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de novembro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN